



XOVES 29 /10/2015

COMITÉ INFORMA

DESPOIS DA MANIFESTACION POLOS DEREITOS DO PERSOAL DOS CENTROS DE ATENCIÓN DIRECTA, O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL TOMA NOTA E DASE POR ENTERADO

A manifestación celebrada hoxe, 29 de outubro, baixo un intenso aguaceiro, reuniu en Compostela a traballadores/as dos centros de atención directa de Política social de toda Galicia. Convocados polos Comités de empresa de Coruña, Lugo e Pontevedra, cerca de 300 traballadoras/es percorreron o traxecto dende Porta do Camiño ate San Caetano, denunciando as condicións esclavistas e os recortes en medios e material. Baixo o lema " En defensa dos servizos sociais" e con berros de " Recuperación xa do artigo 19", " O público é servizo o privado é beneficio", " Política Social non é servir ao capital" e " Negociación, non imposición". A manifestación rematou coa lectura de un manifesto, pola poetisa e activista social de mais de 80 anos, Luz Fandiño. No mesmo reivindicouse a continuidade da loita e das reivindicacións para rematar coas políticas do PP de recortes dos dereitos e do desmantelamento dos Servizos sociais.

Unha vez rematada a manifestación, membros do Comité de empresa de Coruña reuníronse co novo Conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela. En representación do Comité acudiron: José Manuel L. Viqueira (Presidente), Xan Carlos Ansia (Secretario), Juan Carlos Fernández (CIG), Luisa Lago (CCOO), Fina Martínez (UGT), Montse Casal (CSIF), Demelsa Piñeiro (CUT).

Expúxoselle toda a problemática dos centros e a situación mais que grave da situación do persoal .Puxéronse sobre a mesa dende a inxusticia da anulación do artigo 19 á falta de medios e material nos centros. Falóuselle do parón das obras da Residencia de Caranza (Ferrol), da rampa e dos pavillons ruinosos do CAPD, comentouse as extremas condicións de traballo na Lavanderia da Residencia de Oleiros e o problema das goteiras, dos retrasos na resolución de expedientes na Dependencia, da non cobertura de vacantes, baixas e vacacións, e por suposto, da imposibilidade de conciliar a vida laboral e familiar ao non ter compensacións e ter que traballar tres domingos de cada catro, e todos os festivos e xornadas abusivas de 7 días seguidos.

O Conselleiro, que estaba acompañado do Secretario Xeral, tomou nota de todas as reivindicacións e manifestou que vai facer un diagnóstico da situación e empezar a dotar aos centros dos medios necesarios. Dixo que o orzamento do ano 2016 xa esta elaborado. A reposición do artigo 19 supera as súas competencias, pero naqueles temas de xestión propia vai valorar a situación e adoptar medidas. Comprometeuse a negociar as carteleiras do 2016.

**IMOS SEGUIR, DENDE O COMITÉ DE EMPRESA, COA LOITA E AS
MOBILIZACIÓNS ATE CONQUERIR TODAS AS REIVINDICACIÓNS DAS
TRABALLADORAS E TRABALLADORES.**